



CONCELLO DE POIO

Ref: MC

(Secretaría)

ACTA DA SESION ORDINARIA, NÚMERO CINCOCENTAS VINTE REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E OITO DE XULLO DE DOUS MIL QUINCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do día vinte e oito de xullo de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs./as. Concelleiros Xulio Barreiro Lubián, Silvia Díaz Iglesias, Xosé L. Martínez Blanco, Margarita Caldas Moreira, Lidia Salgueiro Piñeiro, Jose Angel Lodeiro Cancela, Rocío Cochón Castro, Natividad Torres Balea, Cándido Muiños Balea, Juan J. Rodríguez Grandal, Manuel Domínguez Álvarez, Marcial García Freijeiro, M^a Consuelo Besada Lores, Gregorio L. Agís Gómez e Rosa Fernández González; escusa a non asistencia a Interventora Municipal Olga Fernández Rodríguez. Actuando a Secretaria Xeral do Concello D^a. Paula Díaz Ramos. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

4120- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR DO 29 DE XUÑO DE 2015 NUM. 519.- Dáse conta da acta anterior de data 29 de xuño de 2015, o Pleno da Corporación, ao abeiro do establecido no artigo 91.1 11 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais acordou aprobala polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros.

4121- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: “4114.- Dación de conta da constitución e composición de grupos políticos municipais, compoñentes e voceiros.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, 4115.- Determinación da periodicidade das sesións do pleno.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, 4116.- Composición e periodicidade das comisións informativas permanentes.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, 4117.- Nomeamento de representantes da corporación en órganos colexiados.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e publicouse anuncio no BOP de Pontevedra, 4118.- Coñecemento das resolucións da alcaldía en materia de nomeamento de Tenentes de Alcalde, membros da Xunta de Goberno Local, Presidentes das Comisións Informativas Permanentes e delegacións conferidas.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e publicouse anuncio no BOP de Pontevedra, 4119.- Aprobación, no seu caso, de dedicacións exclusivas e parciais de membros corporativos. Réxime de asignacións por asistencias e asignación a grupos políticos.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e

publicouse anuncio no BOP de Pontevedra.”.

A Corporación dáse por enterada

4122.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Dáse contra pola Secretaria presente da sesión das resolucións adoptadas pola Alcaldía desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos membros corporativos xunto cos demais asuntos que conforman a orde do día.

A Corporación dáse por enterada.

Neste momento entra no Salón de Sesións o Concelleiro D. Angel Moldes Martínez.

4123.- INTERVENCIÓN, APROBACIÓN CONTA XERAL EXERCICIO 2014.- Dáse conta do expediente tramitado pola Intervención Municipal e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de xullo de 2015 e que di o que segue: “áse conta do expediente e da publicación do anuncio da Conta Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2014 someténdose a información pública por o prazo de 15 días durante os cales, máis oito mais, os interesados poderían presentar reclamacións, reparos ou observacións, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 98, de data 26 de maio de 2015, non presentándose alegación ningunha contra a mesma no devandito prazo.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 3 abstencións do PP adoptou o seguinte ditame:

Primeiro: Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2014 debendo de dar conta ao Tribunal de Contas antes do 15 de outubro de conformidade co establecido no artigo 212.5 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Segundo: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte ACORDO:

Primeiro: Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2014 debendo de dar conta ao Tribunal de Contas antes do 15 de outubro de conformidade co establecido no artigo 212.5 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Segundo: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

4124.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA INFORME INTERVENCIÓN EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 218.1 DO REAL DECRETO 2/2004, DO 5 DE MARZO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.- Dáse conta do expediente tramitado pola Intervención Municipal e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de xullo de 2015 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente o e do informe da Intervención Municipal de data 2 de xuño no que se expón un resumo dos informes de reparo suspensivos, en total 49, emitidos durante o exercicio 2014. A Comisión dáse por enterada.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación dáse por enterada do trámite realizado con ocasión da aprobación da conta xeral e en virtude do disposto no artigo 218.1 do Texto refundido da lei de facendas locais.

4125.- INTERVENCIÓN, RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 4/2015.- Dáse conta do expediente tramitado pola Intervención Municipal e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de xullo de 2015 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente e da Proposta da Alcaldía de data 26 de xuño de 2015 na que se propón o recoñecemento extraxudicial de crédito nº 4 do exercicio 2015 as cales non foron presentadas no Concello ata o mes de xuño de 2015, aínda que pertencen a subministros e servizos prestados no exercicio 2014, ascendendo o importe das facturas pendentes de recoñecemento correspondente ao mencionado exercicio 2014 a 976,21 euros.

Durante o exame deste punto da orde do día entra no Salón, D^a Margarita Caldas Moreira.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: aprobar o recoñecemento das facturas obxecto do presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº4/2015 por importe total de 976,21€ que se compón da factura nº1/896 de Ediciones Santalla S.L emitida por importe de 398€ en concepto de “Enciclopedia Románico Pontevedra e Coruña”, e factura nº28-K483-311976 de Telefónica Móviles España S.A emitida por importe de 578,21€ en concepto de servizos telefonía móbil mes outubro 2014.

Segundo: aplicar con cargo ao orzamento o exercicio 2015 os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponden nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o recoñecemento das facturas obxecto do presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº4/2015 por importe total de 976,21€ que se compón da factura nº1/896 de Ediciones Santalla S.L emitida por importe de 398€ en concepto de “Enciclopedia Románico Pontevedra e Coruña”, e factura nº28-K483-311976 de Telefónica Móviles España S.A emitida por importe de 578,21€ en concepto de servizos telefonía móbil mes outubro 2014.

Segundo: Aplicar con cargo ao orzamento o exercicio 2015 os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponden nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito.

4126.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2015. - Dáse conta do expediente tramitado pola Intervención Municipal e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de xullo de 2015 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente, do informe de Intervención Municipal de data 1 de xullo de 2015 e da Proposta da Alcaldía de data 1 de xullo de 2015 que di o seguinte: “Coñecido o contido do informe emitido pola Intervención municipal con data 1 de xullo de 2015 relativo a segunda modificación das Bases de Execución do Orzamento do

exercicio 2015.

Sendo o motivo de proceder a mencionada modificación, por unha parte a existencia de incongruencias entre dous dos artigos do recentemente en vigor Acordo Regulador do persoal funcionario do Concello de Poio e o texto vixente das Bases de Execución do Orzamento, se entende que o lóxico será adaptar o contido das Bases de Execución do Orzamento afectadas o contido do recentemente aprobado Acordo Regulador (publicado no B.O.P.P de data 4 de xuño de 2015), e por outra parte, deberán ser obxecto de modificación as Bases de Execución do Orzamento con motivo da modificación do réxime de dedicacións aprobado para os membros da Corporación segundo acordo plenario adoptado o pasado día 29 de xuño de 2015.

En virtude do exposto, SE PROPÓN:

A modificación do contido da base de execución do Orzamento 2015 51^a, da base 53.2^a e da base 54^a segundo o texto que se acompaña”.

Toma a palabra a interventora municipal quen explica aos asistentes o obxecto da modificación cunha triple finalidade (baixas por incapacidade temporal, concesión de préstamo a persoal do concello e novo réxime de dedicacións exclusivas e parciais)

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

A continuación pola Secretaria presente na sesión dáse conta do escrito de data 27 de xullo de 2015 asinado por Consuelo Besada Lores de renuncia á dedicación exclusiva con efectos 31 de xullo de 2015 aprobada polo Pleno de data 29 de xuño de 2015 como consecuencia dunha dedicación parcial aprobada pola Deputación Provincial.

En virtude deste escrito con data 28 de xullo de 2015 realízase unha nova proposta pola Alcaldía na que se propón a modificación do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda do día 20 de xullo de 2015 en canto o contido da base de execución 54 do orzamento 2015 (segundo texto anexo no que se establece unha dedicación exclusiva á Delegación Municipal de Urbanismo) así como manter a proposta de modificación ditaminada favorablemente en canto ao contido das bases 51 e 53.2.

A continuación procédese á lectura íntegra do contido do informe conxunto emitido pola Interventora Municipal e Secretaria Xeral con data 28 de xullo de 2015 e que di textualmente: “Olga Fernández Rodríguez e Paula e. Ramos Díaz, funcionarias de Administración Local con habilitación de carácter nacional, interventora e secretaria respectivamente do concello de Poio, de conformidade co establecido nos arts. 3 e seguintes do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, emiten o seguinte

INFORME

Antecedentes de feito.

- Proposta de Alcaldía de 28 de xullo de 2015 para os efectos de cambiar a dedicación exclusiva vinculada á primeira tenencia de Alcalde e delegación de obras, servizos, pesca e marisqueo á concellería delegada de urbanismo e desenvolvemento local.

Consideracións xurídicas

1. De conformidade co establecido no art. 75.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime legal: "Os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia , vicepresidencia u ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, en cuxo caso serán dados igualmente de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo

as Corporacións as cuotas empresariais que correspondan, salvo o disposto no artigo anterior. Ditas retribucións non poderán superar en caso ningún os límites que se fixen, no seu caso, nas Leis de orzamentos xerais do Estado. Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que levan aparelado esta dedicación parcial e das retribucións dos mesmos, deberase conter o réxime da dedicación mínima necesaria para a percepción de ditas retribucións".

O acordo adoptado na sesión plenaria extraordinaria realizada con data 29 de xuño de 2015 non se fixou dito "réxime de dedicación mínima" debendo ser completado para tal finalidade en función do ámbito da responsabilidade asumida.

2. Se plantexa unha modificación dos postos ou responsabilidades que levan aparelado unha dedicación exclusiva de forma que unha delas deixa de estar vinculada ao cargo de primeira tenencia de alcalde e delegación de obras, servizos, pesca e marisqueo, para quedar unida á delagación da concellería de urbanismo e desenvolvemento local.

Segundo os antecedentes de feito obrantes en Secretaría a través das declaracións de intereses e actividades efectuadas polos membros electos antes da súa toma de posesión, o concelleiro delegado de urbanismo exerce a actividade privada como Arquitecto superior.

O art. 75.1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, para os membros corporativos que perciban retribucións polo exercizo dos seus cargos cando os exerzan en réxime de dedicación exclusiva establece:

"No suposto de tales retribucións, a súa percepción será incompatible coa dos outras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo elo nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas".

A dito cadro normativo haberá que sumar o disposto no art. 13 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Dada a asimilación da situación á que afecta ao persoal que presta servizos neste concello, terase en conta como antecedente máis próximo o expediente tramitado con ocasión da petición de compatibilidade polo enxeñeiro municipal no ano 2010.

Non obstante en función da complexidade que presenta o expediente en termos de garantir a necesaria imparcialidade que esixe a lei máis alá de cuestións de ética ou xuízos subxetivos, e o case inexistente tempo do que se ten disposto para a emisión do presente informe, con carácter de urxencia, no día de onte e na primeira hora desta mañá, solicitábase pronunciamento polas asinantes á Plataforma posta a disposición dos funcionarios con habilitación de carácter nacional "ConsitalNetwork" que conclúe :

"...

El miembro de la Corporación local que desempeñe su cargo retribuido en régimen de dedicación exclusiva y que pretenda ejercer una actividad privada retribuida, podría ser autorizado por el Pleno para ejercer la misma si tuviese un carácter marginal, que habrá que apreciar en cada momento, pero ello considerado en sentido restrictivo, ya que la aceptación voluntaria del cargo en régimen de dedicación exclusiva conleva como

contrapartida esta obligación especial de incompatibilidad, de forma que la posible autorización de compatibilidad deberá tener lugar caso por caso y no de modo genérico y tratarse de un encargo profesional fuera del propio término municipal en que se desempeña el cargo representativo.

En todo caso, habría de evitarse el ámbito provincial respectivo, si se trata de encargos privados de otras Administraciones Públicas, ya que también resulta evidente la posibilidad de acceder a la realización de un trabajo profesional como consecuencia de la situación, conocimientos, influencias y relaciones que se generan por el desempeño de un puesto público...".

Así mesmo terase en conta que o parágrafo oitavo do reiterado artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril extende a incompatibilidade , dentro do termo municipal , e durante dous anos tras haber finalizado o mandato representativo para o exercizo de actividades coincidentes coas áreas nas que tivese desempeñado responsabilidades executivas.

Plantéxase ademáis as dúbidas sobre a posible extensión do mesmo prazo pero para aqueles asuntos nos que teña intervido nos dous derradeiros anos ante o tenor literal do art.12.a) da Lei 53/1984, de 26 de decembro

O que se informa para os efectos oportunos sen prexuízo de que por razóns de seguridade xurídica e a urxencia con que se ten plantexado a proposta, poda ser solicitado informe á Deputación Provincial ou a outras Administracións nas que polo volume de asuntos tramitados se lles teña plantexado situacións similares.Poio, 28 de xullo de 2015...²²

Toma a palabra o Sr. Moldes Martínez manifestando que se trata dun tema sensible no que o Partido Popular, en relación a salarios tanto de empregados como de político nunca se meteu. Pero vemos un pouco desproporcionado as responsabilidades que se delegan nun grupo político que soamente ten 3 representantes, parece un pouco inxusto cara os demais concelleiros que forman parte do equipo de goberno.

A Sra Besada Lores contesta que o Partido Socialista cumpre e nunca faltou ás responsabilidades e cremos que este cambio non crea prexuízo ao concello.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP adoptando o seguinte ACORDO:

Primeiro: Aprobar a proposta de data 28 de xullo de 2015 de modificación do ditame da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas en canto ao contido da base 54 mantendo a proposta de modificación ditaminada pola comisión informativa en canto á base 51 e 53..2

Segundo.- Aprobar a dedicación exclusiva para o cargo de Concelleiro Delegado de Urbanismo e Promoción Económica a partir do vindeiro 01 de agosto (incluído) previo cumprimento dos requisitos que se sinalen no informe a emitir pola Secretaria e interventora municipal.

Terceiro: A dedicación exclusiva levará aparellada, en función do seu grao de responsabilidade, a retribución bruta anual de 29.000 € (dividida en 14 pagas: 12 ordinarias e 2 extraordinarias de igual contía) dando de alta a persoa que ocupa o cargo no Réxime Xeral da Seguridade Social o 01 de agosto de 2015.

Cuarto.- Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

4127.- INTERVENCIÓN, INFORME SEGUNDO TRIMESTRE 2015 RELATIVO AO CUMPRIMENTO DA PREVISIÓN ESTABLECIDA NO ARTIGO 10 DA LEI 25/2013, DE IMPULSO DA FACTURA ELECTRÓNICA E CREACIÓN DO REXISTRO CONTABLE DE FACTURAS NO SECTOR PÚBLICO E NO ARTIGO 4 LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 20 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITADE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE EN OPERACIÓNS COMERCIAIS.- Dáse conta do expediente tramitado pola Intervención Municipal e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de xullo de 2015 e que di o que segue: “áse conta do informe de Intervención e Tesourería de data 15 de xullo de 2015 da previsión establecida no artigo 10 da Lei 25/2013, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público e no artigo 4 Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 20 de decembro, pola que se establecen medidas de loitade medidas de loita contra a morosidade en operacións comerciais.

Por parte da interventora municipal dáse conta do contido do expediente manifestando que as facturas que se atopan a 30 de xuño de 2015 pendentes de abono fora do período legal de pago ascenden a 45 facturas e a un total de 135.381,03€; por outra parte, as facturas pendentes de pago dentro do prazo de pago ascendían a 226 facturas e a unha cantidade total de 229,843,18 € .

Así, o período medio pendente de pago das facturas aprobadas (PMPP) ascendeu no segundo trimestre do exercicio 2015 segundo o cálculo efectuado polo programa contable existente, salvo erro ou omisión involuntaria, a 25,74 días.

Ademais os pagos realizados no segundo trimestre do exercicio 2015 dentro do período legal de pago ascendían, a 30 de xuño de 2015, a un total de 840 facturas e a unha cantidade total de 1,380.937,40 euros e os pagos realizados fóra do período legal de pago ascendían, a 30 de xuño, a un total de 194 facturas e a unha cantidade total de 260.928,12 euros.

Así, o período medio de pago (PMP) ascendeu no segundo trimestre de 2015, segundo o cálculo efectuado polo programa contable existentes, salvo erro ou omisión involuntario, a 30,94.

Do informe deberá darse conta ao Pleno da Corporación así como aos órganos competentes do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuída a tutela financeira da Entidade Local.

A Comisión dáse por enterada.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación dáse por enterada do trámite realizado.

4128.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2015.- Dáse conta do expediente tramitado pola Intervención Municipal e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de xullo de 2015 e que di o que segue: “- Dáse conta do expediente e da Proposta da Alcaldía de data 15 de xullo de 2015 que textualmente di o seguinte: “ Coñecida a proposta de gasto realizada no pasado mes de xuño pola anterior concelleira delegada de Benestar Social e Igualdade, relativa a realización de varios investimentos, entre estes, un referente o subministro de mobiliario para o Centro de Servizos Sociais e outro un contrato de subministro e instalación dun SAI no mencionado

Centro, a Xunta de Goberno Local celebrada o pasado 8 de xuño aprobou as propostas de gasto presentadas con relación os mencionados gastos.

Segundo o contido do informe de Intervención con relación a mencionada proposta, na que a concelleira delegada propoñía “que se minore o crédito da aplicación 231.63201 no importe de 8.171,30€ co fin de destinalo a proposta de gasto exposta relativa a adquisición do SAI e no importe de 1.393,92€ co fin de destinalo a proposta de gasto relativa a adquisición de mobiliario segundo o orzamento presentado”, a interventora municipal informou que, o tratarse de gastos con financiamento afectado (en concreto, un préstamo solicitado no presente exercicio 2015), debería darse conta o Pleno na seguinte sesión ordinaria que se celebre do cambio de finalidade do importe de 8.171,30€ e de 1.393,92€ tal como se acordou pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada con data 8 de xuño.

En virtude do exposto, SE PROPÓN:

Dar conta da modificación do anexo de investimentos aprobado xunto co Orzamento correspondente o exercicio 2015 nos termos expostos”

A Comisión dáse por enterada.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación dáse por enterada do trámite realizado.

4129.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DAS MEDIDAS A ADOPTAR TRAS A ENTRADA EN VIGOR DA LEI 18/2015, DE 9 DE XULLO, POLA QUE SE MODIFICA A LEI 37/2007, DE 16 DE NOVEMBRO, SOBRE REUTILIZACIÓN DA INFORMACIÓN DO SECTOR PÚBLICO.- Dáse conta do expediente tramitado pola Intervención Municipal e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de xullo de 2015 e que di o que segue: “Por unanimidade dos asistentes, a Interventora da conta do contido do informe emitido con data 17 de xullo de 2015:

“...ASUNTO: dar conta da Lei 18/2015, de 9 de xullo, pola que se modifica a Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público.

Na Disposición final segunda da Lei 18/2015, de 9 de xullo, pola que se modifica a Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público, publicada no BOE nº164, de data 10 de xullo de 2015, se procede a modificar a disposición transitoria sétima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, quedando redactada do seguinte xeito:

“1. En tanto non entre en vigor o Regulamento previsto no artigo 92bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e en todo aquilo que non se opoña ao disposto nesta Lei, mantén a súa vixencia a normativa regulamentaria referida aos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación do citado artigo.

Ata o 31 de decembro de 2016, salvo prórroga pola correspondente Lei de Presupostos Xerais do Estado, excepcionalmente, cando nas Corporacións Locais cuxa poboación sexa inferior a 20.000 habitantes quede acreditado mediante informe ao Pleno, a imposibilidade de que as funcións de tesouraría e recadación sexan desempeñadas por un funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional, xa sexa con carácter definitivo, provisional, acumulación ou agrupación, as devanditas funcións poderán ser exercidas por funcionarios de carreira da Deputación Provincial ou entidades equivalentes, de acordo co previsto no artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, ou cando quede acreditado que isto non resulta posible, por funcionarios de carreira que presten servizos na Corporación Local. En ambos os dous casos, deberán ser funcionarios de carreira e actuarán baixo a coordinación de funcionarios do grupo A1 das Deputacións Provinciais ou entidades equivalentes. “.

Ante as dúbidas que suscita o texto legal exposto e súa aplicación, no día de onte se recibe correo electrónico do Consello Xeral de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local (COSITAL) no que se informa que dende o mesmo se deu traslado dunha serie de cuestións a Secretaria Xeral de Coordinación Autonómica e Local, en concreto:

¿De quen é a competencia para emitir o informe o Pleno que acredite a imposibilidade de que as funcións de tesourería e recadación sexan desempeñadas por funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional?

¿Ante quen e como se acredita a imposibilidade por parte da Deputación Provincial?

¿Qué validez teñen os nombramentos de aqueles que veñan exercendo as funcións de tesouraría e recadación antes da modificación operada pola Lei 18/2015, de 9 de xullo?

No mencionado correo electrónico se nos informa que, en tanto o Ministerio non se pronuncie sobre estas cuestións e non se adopten os acordos pertinentes por parte dos Concellos, se deben entender que estaremos nun período transitorio no que deben respectarse as situacións producidas legalmente con anterioridade a citada norma por un prazo razoable para o cumprimento da mesma.

En virtude do exposto, se considera que o Concello debe esperar o pronunciamento da Secretaria Xeral de Coordinación Autonómica e Local sobre as cuestións planteadas, e unha vez este se produza, se deberán adoptar os acordos pertinentes para dar cumprimento nun prazo razoable a disposición legal vixente dende o pasado 11 de xullo de 2015.

...”.

A comisión dase por enterada.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación dáse por enterada do trámite realizado.

4130.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DA OBRIGA DE INFORMACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS RESPECTO DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA: 2º TRIMESTRE 2015.- De conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico de entidades locais sométese a votación a inclusión do presente asunto na orde do día ao non ser ditaminado previamente por comisión informativa ningunha a que queda aprobada polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros.

Dáse conta aos membros corporativos do expediente tramitado pola Intervención Municipal en relación á situación do cumprimento da obriga de comunicación trimestral da Corporación correspondente ao segundo trimestre do exercicio 2015 rendida desde o 21 de xullo de 2015.

A Corporación dáse por enterada do trámite realizado.

4131.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO PARA OCUPAR A VOGALÍA QUE CORRESPONDE Á SECCIÓN SEGUNDA PARA FORMAR PARTE DO CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA.- De conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico de entidades locais sométese a votación a inclusión do presente asunto na orde do día ao non ser ditaminado previamente por comisión informativa ningunha a que queda aprobada polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros.

Dáse conta do escrito con data de entrada no Rexistro Xeral o 09 de xullo de 2015, número 3503, recibido con posterioridade á sesión extraordinaria realizada o 29 de xuño de 2015, do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas-Delegación de Economía y Hacienda de Pontevedra solicitando deste concello a designación representante para ocupar a vocalía que corresponde á segunda sección na que estea escrito este municipio (poboación de dereito inferior a 20.000 habitantes) do Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria. A proposición de nomeamento deberá ser remitida no prazo de 90 días seguintes á celebración das eleccións locais (art. 4 da Orde de Economía e Facenda EHA/2386/2007 de 26 de xullo).

Propoñéndose para formar parte de dito Consello aos Concellos de Poio e Bueu, ao igual que no ano 2011.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro: Designar como representantes no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Pontevedra, dos concellos con poboación igual ou inferior aos 20.000 habitantes ao Concello de Poio e ao Concello de Bueu.

Segundo: Dar conta do acordo á Delegación de Economía e Facenda en Pontevedra.

4132.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN POLO QUE SE NOMEA AOS REPRESENTANTES DO CONCELLO NA XUNTA DIRECTIVA DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA GAC-6 RÍA DE PONTEVEDRA.- De conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico de entidades locais sométese a votación a inclusión do presente asunto na orde do día ao non ser ditaminado previamente por comisión informativa ningunha a que queda aprobada polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros.

Dáse conta do Decreto da Alcaldía de data 22 de xullo de 2015 e que di o que segue: “De conformidade co disposto no artigo 38 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986 esta Alcaldía DECRETO

Primeiro.- Delegar na Concelleira Delegada de Pesca D^a. Consuelo Besada Lores a representación na Xunta Directiva do Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra quedando como suplente D. Luciano Sobral Fernández e como representante Técnico á Axente de Emprego e Desenvolvemento Local D^a. M^a José Suarés Aspérez e á Técnico de Aperturas.

Segundo.- Dar traslado da presente resolución aos interesados e ao Grupo de Accións Costeira.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno dáse por enterada das designacións efectuadas.

MOCIÓN URXENTES.- Prodúcense as seguintes:

4133.- SECRETARÍA, PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES NOS 5 CONSELLOS ESCOLARES DE EDUCACIÓN PRIMARIA, CONSELLOS ESCOLARES DAS ESCOLAS INFANTÍS E CONSELLO ESCOLAR DO IES DE POIO.- Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o

seu número legal de membros dáse cona do da proposta da alcaldía de data 24 de xullo de 2015 e que di o que segue: “**PROPOSTA DA ALCALDÍA:** Nomeamento de representante nos 5 Consellos Escolares de Educación Primaria, Consellos Escolares das Escolas Infantiles e Consello Escolar do IES de Poio

De conformidade co disposto no artigo 38 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, proponse ao Pleno o nomeamento como representante do Concello nos cinco Consellos Escolares de Educación Primaria, Escolas Infantiles e Consello Escolar do IES de Poio a D^a. Lidia Salgueiro Piñeiro e como representante suplente a D/D^a. Silvia Díaz Iglesias.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros aprobou a proposta realizada polo Sr Alcalde adoptándose o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Nomear como representante do Concello nos cinco Consellos Escolares de Educación Primaria, Escolas Infantiles e Consello Escolar do IES de Poio a D^a. Lidia Salgueiro Piñeiro e como representante suplente a D/D^a. Silvia Díaz Iglesias.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo .

ROGOS.- Polo Sr. Muíños Balea fórmase o seguinte rogo dirixido ao Sr. Alcalde:

Ante a preocupación dos veciños que residen na zona da Canteira de Combarro queremos saber como están as actuacións para o pintado do paso de peóns que se prometeu antes das eleccións locais.

O Sr. Alcalde contesta que efectivamente houbo unha reunión antes das eleccións, Mantivéronse distintas conversas cos técnicos de estradas en coordinación co Enxeñeiro Municipal para buscar alternativas na zona que permita unha maior seguridade á veciñanza.

Trátase dunha actuación complicada, a proposta de regular o tráfico mediante semáforos resulta moi elevada porque implicaría a urbanización da zona. Por outra parte ao tratase dunha zona de curvas hai que ter en conta as restricións de tráfico e onde hai que actuar é nesa zona xa que non ten sentido o pintado antes ou despois. Sabemos que é necesario pero hai que valorar outras cuestións.

Trátase dunha estrada autonómica onde as obras teñen que autorizarse pola Xunta, nos teríamos que facer a actuación pero o que non estamos de acordo é en asumir os custos pensamos que o ten que asumir a Xunta aínda que eles din que ao tratarse de zona urbana temos os gastos ten que asumilos o concello.

De todos os xeitos, mañá falaremos co Enxeñeiro Municipal para que informe ao respecto.

PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás dezanove horas e cincuenta e nove minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria Xeral, dou fe.